

As Xornadas de Tradición Oral da Deputación de Lugo tratarán a lenda da morte

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

As III Xornadas de Literatura de Tradición Oral analizarán as lendas sobre a morte os días 5 e 6 de agosto. Baixo o lema *Mito-loxía da morte: agoiros, ánimas e pantasmas* estas xornadas realizarán conferencias e mesas redondas sobre a presenza da morte na literatura oral do país. Esta iniciativa está patrocinada pola ÁREA de Cultura da Deputación de Lugo e coordinada por Isidro Novo e Antonio Reigosa.

O 5 de novembro inauguraránse nun acto no que participará o vicepresidente da Deputación de Lugo, Antón Bao. Ese mesmo día terán lugar as conferencias *As narrativas sobre a morte na cultura tradicional galega*, de Marcial Gondar Portasany, e *Da morte á Morte na cultura popular catalá*, de Joan Soler i Amigó.

O día 6 de novembro, o primeiro en falar será Camiño Noia, que tratará as representacións da morte na narrativa oral. Acto seguido, Xoán Ramiro Cuba analizará a presenza das ánimas na literatura oral.

Unha mesa redonda titulada *Mortos de ida e volta* pechará as xornadas. Neste acto participarán Camiño Noia e Xoán Ramiro Cuba con Isidro Novo como coordinador. ■